

LUGO É *artesanía*

A artesanía é un sector estratéxico de importancia no desenvolvemento da nosa provincia que repercute directamente nas Áreas de:

- **Medio ambiente**, sendo unha actividade de baixo impacto ecolóxico polos seus procesos de elaboración, porque favorece o deseño verde a través da utilización de materias primas autóctonas e polo desenvolvemento de produtos inspirados na paisaxe e o patrimonio que promoven unha maior sensibilización cara á preservación etnográfica e medioambiental.
- **Medio rural**, posto que a actividade artesanal está situada, maioritariamente, no rural, constituindo unha das súas actividades económicas complementarias máis significativas e de axuda para fixar a poboación.
- **Turismo**, resultando un instrumento primordial na dinamización da cultura autóctona, promovendo a integración, a cohesión e a autoestima da poboación e contribuíndo á atracción dun turismo de calidade.

A artesanía permítenos indagar nas nosas orixes, volver ás raíces e descubrir o noso territorio. É un xeito de vida que fala de tradición, tempo, esforzo e dedicación, pero, tamén, de futuro e compromiso cunha vida máis xusta e saudable nesta etapa de transición ecosocial.

Para todos aqueles que desexen coñecer de primeira man o traballo e experiencias das persoas artesás da provincia de Lugo, o **centrAD**, dependente da Área de Artesanía e Deseño da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, pon en marcha o programa **LUGO É ARTESANÍA**, composto dunha serie de visitas guiadas organizadas en **XORNADAS VIAXEIRAS** e un conxunto de experiencias de turismo artesanal activo baixo o título **EXPERIMENTA ARTESANÍA**, nas que percorrерemos a provincia coñecendo distintos obradoiros artesáns da man do guía turístico **Guido Álvarez**.



INFORMACIÓN

Centro de Artesanía e Deseño

982 21 00 66

Inscripcións: info.centrad@deputacionlugo.org

**Todas as actividades están suxeitas ao protocolo sanitario en vixencia*

**As Xornadas Viaxeiras son gratuítas*

**As xornadas Experimenta Artesanía están suxeitas aos prezos establecidos por cada obradoiro*



Xornadas viaxeiras

1.- XORNADA MONDOÑEDO, 10 de xullo

Nesta primeira xornada faremos un percorrido pola cidade histórica de Mondoñedo e visitaremos o barrio dos Muiños para coñecer o escenógrafo e titiriteiro Ton Arenas, o canteiro Fernando Vilariño e os talleres de cerámica Esquina Atlántica e de serigrafía artística Estudio Estampa.

2.- XORNADA SUR (Ribeira Sacra e Sarria), 17 de xullo

Na segunda das xornadas coñeceremos a olería da Reitoral de Gundivós e do Obradoiro Fígulus, visitaremos unha barreira e un forno comunitario e xantaremos de picnic nun dos maravillosos miradoiros da Ribeira Sacra para continuar camiño cara ao obradoiro do luthier Germán Arias en Sarria.

3.- XORNADA TERRA CHÁ (Outeiro de Rei e Xermade), 21 de agosto

Na terceira xornada viaxeira visitaremos terras chairegas para coñecer o traballo artesán de Idoia Cuesta e Xaneco. Xantaremos de picnic en Penas de Rodas e, pola tarde, visitaremos o torneiro Vicente Ledo na aldea artesá da Fraga.

4.- XORNADA LUGO, 11 de setembro

A cuarta xornada viaxeira será, integramente, a pé, faremos visitas culturais á cidade de Lugo e coñeceremos de preto o traballo de construción de gaitas de Lis, o deseño en cerámica de Mi madre no me deja e a marroquinería de Querqur Leathercraft.

5.- XORNADA LUGO, 12 de setembro


Na quinta xornada viaxeira continuaremos a pé con visitas culturais á cidade de Lugo, de camiño aos obradoiros de cerámica, gravado e cartón pedra de Ceniza de Papel, Augatinta e Marga Portomeñe.

6.- XORNADA MARIÑA, 18 de setembro

A sexta xornada visitaremos a obra do artista e ceramista Caxigueiro, no Espazo Caritel en Foz, percorrерemos a Península da Paz, San Cibrao, onde visitaremos o carpinteiro de Ribeira, Francisco Fra, para dirixirmonos ao monte de San Roque onde xantaremos de picnic. Para finalizar a xornada, visitaremos o complexo Regal Xunqueira e coñeceremos, de preto, o traballo de Alfonso Otero Regal.

7.- XORNADA RIOTORTO, 25 de setembro

Na sétima e última xornada coñeceremos o traballo dos ferreiros de Riotorto, a extraordinaria paisaxe que os acolle e a arquitectura etnográfica do seu oficio.



Experimenta artesanía

Turismo artesanal activo

1.- VINUM ET LÚTUM, 11 de xullo

Reitoral de Gundivós, Sober

Máximo 15 persoas

Horario de 9.00 h a 17.00 h

2.- ARTE E CERÁMICA, 18 de xullo

Regal Xunqueira, Viveiro

Máximo 22 persoas

Horario de 10.00 h a 14.00 h

3.- OLARÍA TRADICIONAL DA RIBEIRA SACRA, 1 de agosto

Obradoiro Figulus, Proendos, Sober

Máximo 15 persoas

Horario de 10.00 h a 20.00 h

4.- MAIS QUE BARRO, 8 de agosto

Obradoiro Ceniza de Papel, Lugo

Máximo 8 persoas

Horario de 11.00 h a 18.00 h

5.- O TORNEADO: UN OFICIO SECULAR, 22 de agosto

Aldea artesá da Fraga, Lugar de Cazás, Xermade

Máximo 3 persoas

Horario de 10.00 h a 18.00 h

6.- O MUNDO DOS BARCOS DE MADEIRA: DESEÑO E TRAZADO, 29 de agosto

Estaleiros Fra, San Cibrao Lugo

Máximo 6 persoas

Horario de 10.00 h a 18.00 h

7.- AO REDOR DA MÁSCARA ROMANA, 5 de setembro

Obradoiro Marga Portomeñe, Lugo

Máximo 12 persoas

Horario de 10.00 h a 19.00 h

8.- TECENDO A NATUREZA, 19 setembro

Obradoiro Idoia Cuesta, Outeiro de Rei

Máximo 8 persoas

Horario de 10.00 h a 18.00 h